



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025

O Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas desenvolve a súa actividade no medio rural da Comarca de Verín, actuando nos concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós.

Na actualidade, a entidade dispón de dous centros de traballo. En Vilardevós conta cun centro cedido, no que se localiza a sede da entidade, e en Verín dispón dun centro multiusos en réxime de alugueiro.



Dende estes espazos leváronse a cabo os distintos programas e actividades da entidade, orientados á poboación do ámbito rural, englobando todas as actuacións con todos os colectivos e promovendo o desenvolvemento social e comunitario do territorio.

Durante o ano 2025 procedeuse á venda do centro multiusos situado na rúa Mariano Carrero, en Verín.


O importe obtido desta operación foi reinvestido na adquisición dun novo baixo na Avenida de Laza, tamén en Verín, co obxectivo de dar continuidade á nosa actividade e mellorar as condicións nas que desenvolvemos o noso labor.



ENTIDADES FINANCIADORAS



REDES DAS QUE FORMAMOS PARTE



A nosa misión é promover e acompañar procesos de desenvolvemento integral e sostible no ámbito rural, traballando de maneira coordinada coa comunidade e cos distintos axentes do territorio, co fin de favorecer a mellora das condicións de vida da poboación no seu propio medio.

A nosa visión é contribuír á consolidación dun medio rural desenvolvido e sostible nos ámbitos económico, social, cultural e humano

OS NOSOS PRINCIPAIS OXECTIVOS CENTRANSE NAS SEGUINTE LIÑAS:


- Encamiñar e promover iniciativas e accións conxuntas coa Administración pública e con outras entidades, orientadas á promoción social, educativa e económica do medio rural.
- Traballar con colectivos especialmente desfavorecidos co obxectivo de favorecer o seu desenvolvemento persoal e contribuír á mellora da súa calidade de vida.
- Impulsar o desenvolvemento integral de todos os membros da comunidade —infancia, xuventude, persoas maiores, persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de exclusión social— garantindo a igualdade de oportunidades.

FINS SOCIAIS DA ENTIDADE

A entidade ten como fins principais promover o desenvolvemento integral e sostible do medio rural, actuando de maneira coordinada coa comunidade, coas administracións públicas e con outras entidades e institucións, tanto públicas como privadas, co obxectivo de contribuír á mellora das condicións de vida da poboación no seu propio contorno.

Para o cumprimento destes fins, a entidade orientará a súa actuación ás seguintes liñas de acción:

- Promover a participación activa e o desenvolvemento integral de todos os membros da comunidade rural, fomentando a implicación social, económica, cultural e comunitaria da poboación.
- Cooperar co desenvolvemento dos pobos, definíndose a entidade, para todos os efectos, como unha Organización Non Governamental comprometida coa transformación social e o progreso do medio rural.

- 
- Actuar como centro dinamizador e de coordinación de iniciativas e accións conxuntas coas administracións públicas e con outras entidades e institucións, orientadas á identificación e á solución das problemáticas específicas do territorio.
 - Servir como espazo de encontro, cooperación e coordinación entre institucións, colectivos e persoas que traballan ou están sensibilizadas co desenvolvemento do medio rural e coas súas necesidades sociais, económicas e culturais.
 - Impulsar a educación, a formación, a información, o ensino e a promoción cultural no medio rural en todos os seus ámbitos, favorecendo o seu desenvolvemento económico, social e humano.
 - Apoiar iniciativas dirixidas á revalorización humana, técnica e económica da agricultura e da gandaría, promovendo ao mesmo tempo a procura de novas actividades produtivas que permitan un mellor aproveitamento dos recursos humanos e materiais dispoñibles.
 - Organizar e promover actividades de formación e información en ámbitos como a economía social, o emprego, o cooperativismo, o asociacionismo, a igualdade de oportunidades, as necesidades de equipamento e asistenciais, a rehabilitación sociocultural, as actividades lúdicas, a posta en valor do medio físico, a expresión e a comunicación, o turismo rural, a protección do medio ambiente, o voluntariado e, de maneira complementaria, o fomento da práctica deportiva.
 - Promover a sensibilización, captación, formación, apoio e coordinación do voluntariado social no medio rural, favorecendo a integración das persoas voluntarias nos programas e na estrutura organizativa da entidade.
 - Prestar especial atención e apoio, a través de programas específicos, aos colectivos en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social, tales como persoas con discapacidade, persoas con enfermidade mental, menores en situación de conflito ou risco social, persoas maiores en situación de dependencia ou vulnerabilidade, persoas reclusas e exreclusas, persoas inmigrantes, minorías étnicas, persoas con problemas de drogodependencias, mulleres vítimas de violencia de xénero, familias desestruturadas, así como a outros colectivos con necesidades especiais de intervención social.

XUNTA DIRECTIVA

PRESIDENTE: JOSÉ PAZ PAZ

SECRETARIA: ANDREA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

TESOUREIRO: JOSÉ MANUEL ALONSO DIÉGUEZ

COORDINADOR XERAL: DIGNO GONZÁLEZ DIÉGUEZ

VOGAL: JAVIER GARCÍA RODRÍGUEZ

VOGAL: FRANCISCO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

VOGAL: CARLOS ALONSO DIÉGUEZ

VOGAL: MARÍA GONZÁLEZ RIVERO

VOGAL: PERFECTA LOSADA SOTELO

VOGAL: JOSÉ LUIS VAZ FERNÁNDEZ

VOGAL: ISAAC BARREIRA GALLEGO

VOGAL: SONIA PRADA NÚÑEZ

COLABORADORAS:

ADMINISTRACIÓN: MARÍA CARMELA ARGÜELLES

BIOLOGA: CARMEN RIVERA

ENXEÑEIRO AGRÍCOLA: NELSON

EQUIPO TÉCNICO

COORDINADORA DE ACTIVIDADES -
TRABALLADORA SOCIAL:

- TAMARA BALBOA

EDUCADORAS SOCIAIS:

- ANDREA RODRÍGUEZ
- JASMIN PRIETO
- LUCÍA CHAVES

TRABALLADORAS SOCIAIS:

- NATALIA RODRÍGUEZ
- LAURA GARRIDO
- ALBA BALBOA

INTEGRADORA SOCIAL:

- MILENA LUIS
- SERGIO MURCIEGO
- MARLENE GARCÍA

ASISTENTES PERSOAIS:

- MARÍA ROSA DANTA

PSICÓLOGA: MONTSERRAT PÉREZ

MONITORA: MARTA RIVERO


AUXILIAR ADMINISTRACIÓN: DOLORES QUEIJA

XORNALISTA: MARÍA DOSANTOS


*O C.D.R. PORTAS ABERTAS DISPÓN DUN EQUIPO DE 34 PERSOAS VOLUNTARIAS.
ALGUNHAS DELAS PARTICIPAN NAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE DE XEITO CONTINUO
AO LONGO DE TODO O ANO.*

MEMORIA ECONÓMICA


INGRESOS/GASTOS



DISTRIBUCION POR TIPO DE GASTOS



DISTRIBUCIÓN DE INGRESOS



The background of the image is a soft-focus photograph of numerous small, light pink flowers with yellow centers, arranged on thin, branching stems. The flowers are scattered across the frame, creating a delicate and airy aesthetic. The lighting is bright and even, highlighting the subtle textures of the petals and the fine details of the stamens.

PROGRAMAS

INTEGRAL

O Programa Integral de Intervención no Medio Rural é o programa de referencia para todas as nosas actuacións. A través deste programa, o CDR Portas Abertas pretende dar resposta ás necesidades das persoas e dos colectivos sociais que residen no medio rural, especialmente daqueles que se atopan en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e que requiren unha atención personalizada e profesionalizada.

O Programa Integral de Intervención Comunitaria no Medio Rural concíbese desde unha perspectiva inclusiva e integradora, actuando de maneira transversal nos ámbitos territorial, sociolaboral, educativo, cultural e comunitario. Neste sentido, ten como obxectivo dar continuidade, aos procesos de inserción sociolaboral das persoas do medio rural que se atopan en situación de risco e/ou exclusión social, favorecendo a mellora da súa situación persoal, social e económica.

O programa integral de intervención no medio rural é o programa marco que rexe todas as nosas actuacións

Atendeuse a un total de 1556 persoas directas

INFANCIA




O NOSO ESPAZO

Programa que promove o desenvolvemento educativo e sociofamiliar da infancia. Grazas a este proxecto, conseguimos garantir unha cobertura educativa e social que resulta vital para os nenos e nenas do medio rural da Comarca de Verín. A través deste programa desenvolveuse un traballo específico coa infancia das zonas de intervención, promovendo a súa participación activa en actividades educativas, culturais e de lecer, ao tempo que se fomentaron hábitos de vida saudables e se impulsou a sensibilización sobre os dereitos da infancia.

No ámbito educativo, mantívose unha colaboración permanente cos centros escolares e coas Asociacións de Nais e Pais do Alumnado (ANPAS) dos Colexios Rurais, co obxectivo de reforzar o acompañamento educativo e social dos nenos e nenas.

Deste xeito, ofrecéronse á infancia do medio rural oportunidades e actividades equiparables ás dispoñibles no ámbito urbano, tales como reforzo escolar, formación en competencias dixitais, actividades de educación emocional, pintura, xadrez ou apoio específico para nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

Durante este ano salientamos a realización dunha excursión ás Illas Ons, na que participaron as familias usuarias das actividades desenvolvidas en Vilardevós, Cualedro e Medeiros. Esta actividade permitiu compartir unha xornada de convivencia na praia, favorecendo o descanso e o desfrute dunhas merecidas vacacións de verán tras un curso de intenso traballo académico.



CONCILIA RURAL

Este programa consistiu en ofrecer a posibilidade de que os nenos e nenas permanecesen, ao remate do horario lectivo, baixo a atención dun profesional nos centros habilitados para tal fin, onde se levaron a cabo actividades de lecer e reforzo educativo. Deste xeito, contribuíuse a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias, así como a flexibilizar os horarios do centro educativo.

Durante estas sesións de tarde, os nenos e nenas realizaron tarefas escolares, actividades manuais, xogos, lectura e traballo orientado á mellora das técnicas de estudo.

O servizo desenvolveuse no colexio Vicente Risco de Cualedro, no CEIP Amaro Refojo e por primeirs vez, ofrecemos conciliación no CEIP Rodolfo Núñez de Vilardevós, a través da actividade de madrugadores.

No concello de Verín, as actuacións do programa leváronse a cabo durante os meses de verán, concretamente entre xuño e setembro. Como novidade neste ano, organizouse a Ludonadal, co obxectivo de facilitar a conciliación das familias que así o demandaron.






FAMILIA E COMUNIDADE

Este Programa ten como principal obxectivo ofrecer unha intervención integral, individualizada e adaptada ás circunstancias de cada familia, co propósito de favorecer a inclusión social e comunitaria de todas as persoas, reforzar o sentido de pertenza á comunidade e atender tanto as necesidades xerais como as específicas de cada núcleo familiar. A través deste programa realizáronse actividades de responsabilidade parental, saúde, lecer, formación para proxenitores, implicación da comunidade, actividades interxeracionais... Destacamos que as diferentes actividades de ocio e lecer dirixidas a nenos, nenas e adolescentes (NNA) realizáronse nun centro educativo rural con tan só 11 alumnos e alumnas. Neste caso, foron as propias familias quen nos solicitaron a organización de algunhas actividades no propio colexio, debido ás dificultades que supón desprazarse desde unha pequena aldea ata os espazos onde se desenvolven as actividades extraescolares.

Grazas a esta colaboración coas familias, puidemos ofrecer oportunidades de aprendizaxe, diversión e socialización directamente no seu entorno, garantindo a participación de todos os nenos e nenas e promovendo a inclusión social nun contexto rural.





PERSOAS MAIORES

COS MEUS

Mediante este programa leváronse a cabo diferentes intervencións terapéuticas non farmacolóxicas destinadas tanto a persoas afectadas por demencia ou Alzheimer no ámbito rural como aos seus cuidadores/as . Nesta liña proporcionáronse estratexias para aumentar a autoestima e reducir os niveis de estrés e ansiedade asociados ás tarefas de coidado. Tivo unha relevancia especialmente significativa o grupo de autoaxuda formado por diversas persoas familiares, no que se realizaba unha sesión mensual destinada a expoñer as dúbidas, inquedanzas e necesidades máis salientables relacionadas co coidado dos seus familiares dependentes. A participación neste grupo contribuíu de maneira notable ao mellor desenvolvemento do día a día, tanto das persoas atendidas como das súas cuidadoras e cuidadores, ofrecendo apoio emocional, intercambio de experiencias e ferramentas prácticas que favoreceron a calidade de vida e o benestar de todos os implicados.



ALDEAS ACTIVAS

Traballamos ó longo de todo o ano no fortalecemento do envellecemento activo como unha oportunidade saudable e posible nas nosas comunidades, logrando que as actividades tivesen continuidade para que o impacto perdure no tempo. Con este programa demostramos que as nosas aldeas poden ser espazos cheos de vida, participación e benestar para as persoas maiores. A través de cada encontro, obradoiro e momento compartido, fortalecemos non só a saúde física e emocional, senón tamén os lazos comunitarios que dan sentido a nosa vida na contorna rural. Levamos a cabo unha variedade de actividades orientadas á estimulación cognitiva, á mellora da memoria, á realización de manualidades, á participación en xogos e ao desenvolvemento de tarefas relacionadas co uso de novas tecnoloxías, entre outras.



BENESTAR NO RURAL

O proxecto Benestar Rural desenvolveuse a través de dúas liñas principais de actuación orientadas á mellora da calidade de vida da poboación rural, especialmente de persoas coidadoras, persoas enfermas e persoas con discapacidade. Por unha banda, realizouse un apoio individualizado nas tarefas básicas da vida diaria, como a hixiene persoal, os acompañamentos médicos ou a compra de alimentos, co obxectivo de favorecer a autonomía persoal e aliviar a carga dos coidados.

Por outra banda, leváronse a cabo diversos obradoiros grupais enfocados ao benestar físico, emocional e social das persoas participantes. Entre eles incluíuse un obradoiro de iniciación ao ioga dirixido a persoas coidadoras, co fin de promover a relaxación e o autocuidado; un obradoiro de nutrición para persoas con diversidade funcional, orientado á adquisición de hábitos saudables e á toma de conciencia sobre a importancia da saúde; un obradoiro de iniciación ao mindfulness, destinado a reducir o nerviosismo e o illamento social mediante técnicas de autorrelaxación; e un obradoiro de equitación terapéutica, no que persoas con distintos graos de discapacidade participaron en actividades de hípica e coidado dos cabalos.





VOU CONTIGO

O programa estivo dirixido a persoas maiores en situación de dependencia ou con dificultades de autonomía, con escaso ou nulo apoio familiar e social.

O seu obxectivo foi favorecer a permanencia no fogar e na contorna rural, promovendo a autonomía persoal e previsto a soidade non desexada, mediante servizos de acompañamento, seguimento e apoio nas xestións sanitarias, administrativas e da vida diaria, en coordinación cos servizos sociais e sanitarios.



FAMILIAS COIDADORAS / COIDADOS ÁS COIDADORAS

O programa estivo dirixido ás persoas coidadoras e ás familias das persoas maiores do medio rural, ás que se lles proporcionou formación, recursos e apoio para mellorar a calidade dos coidados e o benestar tanto das persoas maiores como das propias persoas coidadoras.

Creouse unha rede de acompañamento e apoio profesional, ofrecendo espazos de escoita, formación mediante charlas e obradoiros, elaboración de materiais informativos e coordinación cunha rede de profesionais de distintas especialidades. Así mesmo, realizáronse visitas domiciliarias para valorar situacións concretas e establecer estratexias individualizadas de coidado no fogar, en colaboración cos servizos sociais municipais.




PERSOAS CON DISCAPACIDADE



CAPACIDADE INCLUSIVA, RURAL E ACTIVA

O programa tivo como obxectivo manter un plan de acción integral orientado á promoción da autonomía das persoas con discapacidade, baseado nos principios de inclusión e participación social. Promoveuse o uso de produtos de apoio para fomentar a autonomía nas actividades da vida diaria, facilitouse a mobilidade e o transporte na contorna das persoas e impulsáronse actividades que favoreceron a participación social, comunitaria e o lecer inclusivo.

Por outra banda, realizáronse campañas de sensibilización orientadas á concienciación, destigmatización e promoción da non discriminación. Como novidade este ano, tivemos a oportunidade de coñecer e traballar de preto coa impresión 3D, incorporando así as novas tecnoloxías á súa vida cotiá dos/as beneficiaarios/as do programa. Ademais, destacamos a excursión á Ribeira Sacra, que resultou unha experiencia especialmente enriquecedora.”





UNIDOS NA DIVERSIDADE

O programa ofreceu á comunidade espazos e actividades deportivas, culturais e de participación abertos a todas as persoas interesadas, promovendo a convivencia e colaboración entre persoas con e sen discapacidade. Desta maneira, buscouse crear unha comunidade máis diversa e inclusiva, na que se vela polos dereitos e o benestar de todas as persoas.

Para conseguilo, creouse unha rede entre a veciñanza, os centros de persoas con discapacidade e as súas familias, co obxectivo de organizar accións e actividades conxuntas que proporcionasen momentos de desfrute e diversión, ao tempo que fomentasen a aprendizaxe, a sensibilización e o respecto cara a este colectivo.

Este ano salientaron a participación en actividades deportivas, entre as que se incluíron a visita á hípica e as sesións de natación. Así como, a excursión realizada a Asturias na que os/as usuarios/as pasearon por a aldea de Tazones e coñeceron os Lagos e o Santuario de Covadonga, entre outras moitas actividades.



do, con
024.



IGUALDADE

ELAS

O programa centrouse na eliminación da violencia de xénero e na promoción dunha comunidade rural igualitaria. Desenvolvéronse accións de formación, orientación laboral e apoio social para fomentar a igualdade e o empoderamento das mulleres, promover a saúde integral e habilidades sociais, ofrecer atención psicolóxica e asesoramento a vítimas de violencia ou explotación sexual, sensibilizar á comunidade sobre igualdade e violencia de xénero, e facilitar servizos de conciliación e parentalidade positiva.

Destacamos actividades de sensibilización en igualdade e prevención da violencia de xénero, así como visibilización das mulleres, mediante obradoiros, campañas específicas e xornadas conmemorativas (8 de marzo, 15 de outubro e 25 de novembro).



A close-up, profile view of a person wearing a blue headscarf, looking out over a cityscape at sunset. The background is a warm, golden glow from the setting sun, with blurred city lights and buildings. The person's face is partially visible, looking towards the right side of the frame.

**PERSOAS
MIGRANTES**

GALICIA ACOLLEDORA



O programa estivo dirixido á poboación inmigrante na comarca de Verín cun enfoque integral e de xénero, co obxectivo de facilitar a súa integración nas actividades comunitarias e promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, fomentando unha sociedade máis equitativa e inclusiva.

Traballamos a formación no idioma, así como, outros ámbitos da sociedade de acollida e na mellora da súa situación sociofamiliar, ofrecéndolles asesoramento legal e formación para a obtención da nacionalidade.



TODOS LOS PUEBLOS, TODAS LAS PERSONAS, TODOS LOS DERECHOS

Dirixido ás persoas migrantes, este programa foi unha iniciativa que tivo como principal obxectivo o desenvolvemento de accións informativas orientadas a promover o coñecemento dos dereitos, liberdades e deberes das persoas migrantes que residían no medio rural.

O programa procurou, así mesmo, sensibilizar ás comunidades rurais, garantindo que as persoas migrantes tivesen acceso á información necesaria para coñecer e exercer plenamente os seus dereitos.

Destacamos ao longo de todo o ano as diferentes sesións informativas levadas a cabo sobre estranxeiría e vivenda para persoas migrantes. Nelas falouse sobre os dereitos e deberes en Galicia e que facer si se está en situación irregular.



**TODOS LOS PUEBLOS,
TODAS LAS PERSONAS,
TODOS LOS DERECHOS.**

PROGRAMA DE FOMENTO DEL CONOCIMIENTO
DE LOS DERECHOS, LIBERTADES Y OBLIGACIONES
DE LAS PERSONAS MIGRANTES QUE VIVEN EN EL MEDIO RURAL.

**DERECHOS Y DEBERES PARA PERSONAS MIGRANTES
EN MATERIA DE
LABORAL Y EXTRANJERÍA**
JUEVES 11 DE SEPTIEMBRE 18:30H
Edificio Multiusos de Riés



VOLVER A ALDEA



PROGRAMA ESTATAL DE SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN SOBRE A DESPOBOACIÓN E A NECESIDADE DE EMPRENDEMENTO NO MEDIO RURAL

O obxectivo do programa foi favorecer o asentamento e a fixación da poboación no medio rural. A nosa profesional acompañou ás persoas no seu proceso de asentamento e na inserción social e laboral, adoptando unha perspectiva integral que contempla todos os ámbitos da vida das persoas.

Ademais, fomentouse a participación activa das persoas beneficiarias, implicándoas na planificación e decisións relacionadas cos seus procesos de integración, garantindo que o seu desenvolvemento persoal e social se leve a cabo de forma sostible e adaptada ás necesidades do medio rural.

Realizamos diferentes charlas informativas nos concellos da comarca para poder ampliar o noso catálogo de vivendas. Destacamos este ano o éxito na organización das xornadas sobre vivenda no medio rural "Do dereito ao teito, hai moito treito", nas que nos acompañaron en Verín os compañeiros/as dos diferentes centros que conforman COCEDER



VOLUNTARIADO MEDIOAMBIENTAL



VOLUNTARIADO AMBIENTAL

Mediante este proxecto coñecemos, conservamos e coidamos a nosa contorna durante un ano máis, promovendo a súa preservación e valorización de xeito sostible. O obxectivo foi contribuír ao mantemento e desenvolvemento das persoas afincadas no territorio, así como poñer en valor todos aqueles recursos e elementos que nos rodeaban e que podían mellorar a calidade de vida da comunidade.

Ao mesmo tempo, o programa sensibilizou e formou ás persoas participantes respecto das problemáticas que afectaban tanto ao medio ambiente como ao medio rural, fomentando a responsabilidade, o respecto polo contorno e a participación activa na súa conservación. Deste xeito, fomentouse unha conciencia colectiva que promoveu prácticas respectuosas e beneficiosas, tanto para o territorio como para as persoas que nel viven. Destacou especialmente o traballo realizado na recuperación do monte tras a devastadora ola de incendios que afectou á nosa comarca, unha acción que implicou esforzo colectivo e consolidou o compromiso da comunidade coa protección e restauración do medio natural.

Salientamos a organización da Xornada Reverdecer, o reto da recuperación ambiental, na que diferentes expertos reflexionaron sobre o futuro do territorio e a loita contra o lume.



IMPLICATE NA TÚA COMUNIDADE

Por medio deste proxecto quixemos contribuír ó mantemento e desenvolvemento das persoas afincadas nas nosas contornas, no noso medio rural, así como poñer en valor todo o que nos rodea e poda sumar beneficios na calidade de vida. A intención do programa foi formar unha rede de persoas voluntarias nas nosas comarcas, permitíndonos crear encontros, vínculos e relacións sociais cos que compartir e aprender de forma positiva, creando así tamén una alianza segura entre as participantes. Ademais de sensibilizar e ensinar ás que participan nas actividades do programa sobre as problemáticas que nos rodean centrado nos aspectos nos que poda incidir a acción voluntaria.

No programa logrouse que a poboación, diferentes asociacións, entidades e colexios participasen e se implicasen na comunidade. As persoas usuarias chegaron a ser conscientes de que as súas experiencias e coñecementos beneficiaban á comunidade, reforzando así o sentimento de pertenza e a participación activa. Unha fortaleza importante no desenvolvemento do programa foi a posibilidade de realizar actividades e intervir coas persoas maiores, que en moitas ocasións sofren situacións de soidade e o despoboamento das áreas rurais.


Deste xeito, mantivéronse activas e valoradas, ao tempo que os nenos e nenas puideron aprender e recuperar saberes tradicionais, favorecendo o intercambio interxeracional.

Por outra banda, como consecuencia da vaga de incendios que afectou a nosa provincia, a poboación mostrouse especialmente sensibilizada e implicada nas actividades de recuperación ambiental, fortalecendo a súa conciencia ecolóxica e o compromiso co coidado do territorio.



PROGRAMA ESTATAL FSE+ DE INCLUSIÓN SOCIAL, GARANTÍA INFANTIL E LOITA CONTRA A POBREZA



The background of the slide features a soft-focus image of purple flowers, likely lavender, with green stems and leaves. The flowers are scattered across the frame, creating a gentle, naturalistic aesthetic.

O programa centrouse na inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social, promovendo o seu desenvolvemento persoal, social e laboral e evitando a reprodución de patróns xeracionais de pobreza. Para iso, fomentouse a integración comunitaria e o acceso a recursos sociais, sanitarios, formativos, de emprego protexido e de lecer, con especial atención á infancia de contornas desfavorecidas e ás mulleres. Ademais, implementáronse intervencións que favorecesen a participación activa das persoas na súa contorna, o reforzo da identidade co medio, a inserción laboral e a conciliación da vida familiar e laboral no medio rural, promovendo condicións de equidade e responsabilidade social compartida coa comunidade e o tecido empresarial local.

Este ano destacaron os cursos de: traballos básicos de construción (150h) e poda, poda en verde e traballos de bodega (30h).


O 55% dos 38 participantes xa están traballando. Un 26% acadou a súa cualificación profesional. O 5% decidiu continuar estudando E Un 16% busca novas oportunidades activamente.







COMUNIDADES INCLUSIVAS



Este programa innovador naceu coa finalidade de mellorar a vida das persoas máis vulnerables, ofrecendo apoio para favorecer a súa autonomía, a inclusión na comunidade e o exercicio pleno dos seus dereitos. O obxectivo principal do proxecto consistiu en probar, mediante unha metodoloxía de intervención innovadora, a creación, rexeneración e mantemento de comunidades acolledoras e inclusivas, que promovan apoios e coidados como ferramenta central para recuperar a vitalidade demográfica, económica e social. Ademais, buscou favorecer a vertebración dos territorios e fortalecer a cohesión social, construíndo espazos onde todas as persoas poidan participar activamente e sentir que pertencen á súa comunidade.

Nesta ocasión, centrámonos na aldea de Vilarello de Cota, onde desenvolvemos diversas actividades e organizamos reunións coa veciñanza, aproveitando o local que temos dispoñible alí para fomentar a participación de todas as persoas da comunidade.



PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN



ATENCIÓN ÁS NECESIDADES BÁSICAS DO MEDIO RURAL

Este programa tivo como finalidade apoiar ás persoas en risco de exclusión social no medio rural, adaptándose ás necesidades concretas de cada comunidade. Consistiu en proporcionar axudas para cubrir necesidades básicas, como alimentación, medicinas, material escolar, pagamento de alugueiros, suministros ou aloxamentos alternativos, así como en recoller e distribuir roupa, calzado, mobiliario e outros utensilios doados ás persoas que máis o precisan, sempre en coordinación cos servizos sociais locais e outras organizacións.

Ademais, o programa ofreceu acompañamento e apoio psicosocial, xunto con orientación e formación en diferentes ámbitos da vida diaria, como realizar compras, xestionar o diñeiro, desenvolver habilidades sociais e laborais, manter unha alimentación saudable e participar activamente en actividades comunitarias.

Destacamos que durante o verán, puxemos en marcha o servizo de becas comedor para menores de familias en situación de exclusión social, co apoio da Fundación Educo. Grazas a esta iniciativa, os nenos e nenas reciben, como mínimo, unha comida completa, equilibrada e saudable ao día, garantindo a súa alimentación durante o período estival.




A group of people, including children and adults, are gathered on a large, green grassy field. They are holding up a large, multi-colored parachute (rainbow colors) that is partially inflated. The scene is set outdoors with many trees in the background under a clear blue sky. The text 'ACTIVIDADES VARIAS NON ENMARCADAS NAS ANTERIORES' is overlaid on the right side of the image.

**ACTIVIDADES VARIAS
NON ENMARCADAS
NAS ANTERIORES**



**PARTICIPAMOS NA
FEIRA SOLIDARIA DO 1 DE MAIO
NO CONCELLO DE VERÍN**

**IV XORNADA INTERXERACIONAL
MULTICULTURAL-ANDAINA**



**PARTICIPAMOS NA PRESENTACIÓN DE
UPMEUP, O PORTAL DE EMPREGO DA
ECONOMÍA SOCIAL QUE ALINEA OS TEUS
VALORES CO TEU FUTURO LABORAL.**

**XXXV ASAMBLEA XERAL ORDINARIA ANUAL
DE COCEDER EN BENIARJÓ (VALENCIA),**



PRESENTAMOS O DOCUMENTAL DE ECOLOXISTAS EN ACCIÓN, FEITO COA COLABORACIÓN DE AQUELADAS, A NOSA ENTIDADE E A PLATAFORMA NON Á MINERÍA NA COMARCA A LIMIA- VERÍN.

COLABORAMOS NA RECOLLIDA DE FIRMAS E NAS MANIFESTACIÓN PARA A RESTITUCIÓN DAS PARADAS DE TREN SUPRIMIDAS NA GUDIÑA



**PARTICIPAMOS NA XORNADA "TECENDO REDES
CONTRA O RACISMO NO MEDIO RURAL"
QUE SE CELEBROU EN VALLADOLID.**



**PARTICIPAMOS NA CONCENTRACIÓN CONTRA A
PÉRDIDA DE COMPETENCIAS EN VIOLENCIA DE XÉNERO
DO XUZGADO VERINÉS.**



PARTICIPAMOS NO CURSO DE DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO BASEADO EN ACTIVOS (DCBA), IMPARTIDO POR NURTURE DEVELOPMENT, EN VALLADOLID.



PARTICIPAMOS NA MANIFESTACIÓN ESPAÑA BALEIRADA O 5 DE OUTUBRO EN MADRID



COLABORAMOS COAS CLASES DE XADREZ



Acudimos ao Acto: clic contra la soledad no deseada, organizado pola Fundación Esplay en Santiago de Compostela, coa Valedora do pobo




ACUDIMOS AO CONCERTO SOLIDARIO A FAVOR DAS DIFERENTES ENTIDADES SOCIAIS DA COMARCA NO AUDITORIO DE VERÍN



As conclusións desta investigación amosan que existen migrantes de primeira e de segunda categoría, en función da súa procedencia e do seu estatus económico. Ademais a exclusión interna que se produce dentro dos propios colectivos migrantes na comarca de Verín está a xerar un caldo de cultivo para problemas sociais máis graves, semellantes aos que xa se están a dar noutros países europeos onde existen auténticos guetos.

**PARTICIPAMOS NA INVESTIGACIÓN, LEVADA A CABO POR COCEDER,
"RACISMO ESTRUCTURAL NO ÁMBITO RURAL: UNHA ANÁLISE SOCIOLÓXICA DAS SÚAS DINÁMICAS
E CONSECUENCIAS"**

SENSIBILIZACIÓN OU COLABORACIÓN CON OUTROS AXENTES SOCIAIS



i FORMACIÓN

Cursos de aproveitamento do monte
Proxecto CARES
Datas: 15 de outubro - 15 de novembro
Prazas limitadas (12-15 persoas por curso)
Inscripcións no Concello de Vilardevós
Tif. 988 41 70 04


Proxecto subvencionado pola Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), con fondos NextGenerationEU.

REDES SOCIAIS E WEB




ACTIVIDADE DE INSTAGRAM O LONGO DE TODO O 2025

- Forte crecemento en visualizacións, alcance e interaccións, sobre todo na segunda metade do ano.
- A conta gaña máis visibilidade e interese, con aumento das visitas ao perfil.
- O punto máis débil son os clics no enlace, que non medran ao mesmo ritmo que o resto.




ACTIVIDADE DE FACEBOOK O LONGO DE TODO O 2025

- *Moi alta visibilidade (363 mil visualizacións) con picos claros, especialmente a mediados de ano.*
- *Bo nivel de interaccións e forte crecemento de seguidores (+36,5%), considerando esto sinal de que posteamos un contido atractivo.*
- *Baixan lixeiramente as visitas e os clics, polo que hai marxe de mellora na conversión.*



A NOSA PÁXINA WEB:
<https://www.cdrportasabertas.org/>



Durante o ano 2025, o noso sitio web recibiu aproximadamente 2.700 visitas, cun crecemento do 1% respecto ao período anterior. O número de visitantes únicos alcanzou os 935, experimentando un incremento do 9%.

Os meses con maior actividade foron novembro, setembro e maio, destacándose especialmente novembro cun pico notable de visitas. Non se rexistraron "gústame" nin comentarios durante o ano.

En conxunto, estes datos indican unha actividade estable coa tendencia a un lixeiro aumento no tráfico e no número de visitantes, o que é un bo indicio do interese que suscita a nosa páxina web.

GRAZAS

CDR PORTAS ABERTAS

- R/ Xacinto Santiago N°23; 32616 Vilardevós, 988417232
- Av. de Laza N°42, 32600 Verín, 988540590

Correo electrónico: rural@cdrportasabertas.org

Web: <http://www.cdrportasabertas.org/>

Facebook: Portas Abertas- centro de desenvolvemento rural

Instagram: https://www.instagram.com/cdr_portasabertas

Coceder

Oficina R/ Fuente el Sol N°2 entepta 47009 Valladolid,
983371279

Fax:983201864

Web: www.coceder.org

Correo electrónico: info@coceder.org

Facebook: COCEDER

